



PROCESO DE ADMISIÓN 2020 - 2021

INFORMACIÓN VARIA MOI IMPORTANTE

1.- Sobre a renda per cápita da unidade familiar:

1.1. A devandita información será a que corresponda ao **exercicio fiscal anterior** en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude (**2018**)

1.2. As persoas interesadas en que sexa valorada a **renda per cápita da unidade familiar**, deberán facer constar a **cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar no caso de declaración individual. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma dos recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) da declaración da renda do ano 2018**. Esta cantidade dividírase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 29 de febreiro de 2020.

1.3. O indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) do ano 2018 está fixado en **6454,03 €.**, con exclusión das pagas extras.

2.- Sobre a presentación das solicitudes (Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) Art. 13.2.d):

2.1. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar. A súa infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2.2. O alumnado con garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

2.3. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (1 de marzo)

2.4 A solicitude poderá asinala calquera dos titulares da patria potestade, cando se refiren a fillos/as comúns dun matrimonio non separado nin divorciado ou dunha parella de feito inscrita no Rexistro de Parellas de feito de Galicia. **No resto dos casos requírese a sinatura dos dous proxenitores (agás patria potestade exclusiva ou violencia de xénero)**

3.- Sobre o criterio establecido polo centro para a baremación de admisión

De acordo co establecido nos artigos 19.i), 22 e 28 da Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), o criterio establecido polo consello Escolar do Colexio é:

“Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais:

Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro ou se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro.

A documentación xustificativa será a mesma que para acreditar o criterio de proximidade ao domicilio ou ao lugar de traballo.